

ACTA

Expediente nº:	Órgano Colexiado:
JGL/2026/15	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Extraordinaria
Data	01 de abril de 2026
Duración	Dende as 13:10 ata as 13:27 horas
Lugar	Sala de Reunións
Presidida por	Paula Mª Fernández Pena
Secretaria	Déborah García Suárez

ASISTENCIA A SESIÓN	
Nome e Apelidos	Asiste
Estefanía Taín Surribas	SÍ
Manuel Requeijo Rey	SÍ
María Asunción García Hernández	SÍ
Mónica González Conde	SÍ

Unha vez verificada pola Secretaría a válida constitución do órgano, a Presidenta abre sesión, procedendo a deliberación sobre os asuntos incluídos na Orden do Día

A) PARTE RESOLUTIVA**Aprobación da acta da sesión anterior: 27.03.2026****Favorable****Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento**Concello de Silleda**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á seguinte Acta: - 27 de marzo de 2026.

Expediente 481/2026. CONVENIO DE COLABORACION ENTRE O CONCELLO DE SILLEDA E O DEPORTISTA CHRISTIAN COSTOYA SANABRIA PARA O ANO 2026

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a traxectoria do deportista silledense Christian Costoya Sanabria, representado polo seu proxenitor, D. Marcos Costoya Castro, e as súas posibilidades de destacar dentro do mundo deportivo do motor a nivel internacional.

Visto que é tarefa e obxectivo desta entidade local axudar ao citado deportista a asumir os custes que supón para esta familia silledense o feito de asistir as carreiras necesarias para estar presente en probas como o campionato de España de Karting, e nos campionatos WSK Euro Series, WSK Open Cup, e WSK Champions Cup, ademais de acadar no ano 2023 o subcampionato do mundo en.

Vista a promoción do Concello de Silleda que se realizará nas carreiras e probas internacionais nas que participe o citado deportista.

Visto o apoio a través do convenio asinado en anos anteriores.

Visto o informe de Intervención que obra no expediente.

Visto o informe favorable do funcionario do departamento municipal de Cultura, Turismo, Deporte e Comunicación .

Visto o convenio que a continuación se transcribe:

“CONVENIO DE COLABORACION ENTRE O CONCELLO DE SILLEDA E O DEPORTISTA CHRISTIAN COSTOYA SANABRIA PARA O ANO 2026

En Silleda á data da sinatura electrónica

REÚNENSE

Dunha parte, D^a. Paula Fernández Pena, actuando no seu nome e representación do Concello de Silleda, con CIF P3605200-I

*Doutra parte, Marcos Costoya Castro, DNI 448***G, como representante legal do menor Cristian Costoya Sanabria.*

Dando fe do acto, a Secretaria Xeral da Corporación, Déborah García Suárez

As partes recoñécense a capacidade xurídica necesaria para subscribir o presente convenio e

EXPOÑEN:

Primeiro.- Finalidade e obxectivos.

Dada a traxectoria do deportista e a súa posibilidade de destacar dentro do mundo deportivo do motor, consideramos que debemos axudar a asumir os custes que supón para esta familia silledense o feito de asistir as carreiras necesarias para estar presente en probas internacionais como a WSK Euro Series, WSK Open Cup, WSK Champions CUP 2023 ou o Trofeo Andrea Margutti, entre outros. Así mesmo no ano 2023 acadou o Subcampionato do Mundo na categoría OK Junior seguindo a estela de éxitos no ano seguinte.

Todas estas participacións supoñen un custo de máis de 51.000 euros, que sen dubida son difíciles de asumir a nivel particular, incluso pese á cooperación de patrocinadores particulares.

Tendo en conta o interese de fomento do deporte, que debe realizarse non so a nivel de deporte base senón tamén a nivel de competición xa que este contribúe a súa vez ao interese no deporte consideramos necesaria a participación do Concello, coa finalidade de promocionar un deportista a nivel nacional e inclusive internacionalmente.

A finalidade deste convenio é axudar na financiación dos custos que supoñen para o deportista poder participar nas diferentes carreiras para poder alcanzar o obxectivo de posicionarse nun nivel significativo no mundo do deporte automobilístico.

Segundo.- Financiamento.

O proxecto será financiado con cargo a partida 241-48 (Fomento do Deporte) por importe de 10.000 euros.

Terceiro.- Competencias municipais.

De conformidade cos artigos 25.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local os municipios exercerán en todo caso como propias, nos termos establecidos pola lexislación estatal e autonómica, competencias en materia de promoción do deporte.

Cuarto.-Natureza

O presente convenio ten natureza de convenio entre administracións públicas e suxeitos de dereito privado de conformidade co apartado 47.2 c) de la Lei 40/2015 e se realiza ao amparo da mesma.

Quinto.- Necesidade y oportunidade.

Este convenio ten como obxectivo regular a subvención nominativa recollida nos orzamentos municipais do Concello de Silleda para o exercicio 2026, con cargo á partida 241.48.

Sexto.-Interpretación.

As dúbidas relacionadas co contido deste convenio serán interpretadas polo Alcalde do Concello de Silleda.

Así pois, de conformidade co anteriormente exposto, as partes acordan subscribir o presente convenio, que se rexerá polas seguintes cláusulas:

CLÁUSULAS**1.- Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito (art. 49 c) Lei 40/2015)**

O presente convenio ten por obxecto regular a colaboración entre o Concello de Silleda e o deportista Christian Costoya no fomento do Deporte silledense e na imaxe do Concello de Silleda en relación co deporte.

2.- Obrigacións e compromisos económicos asumidos polo concello (art. 49 d) Lei 40/2015)

Mediante o presente convenio de colaboración se acorda a aportación de 10.000 con cargo ao orzamento do Concello de Silleda.

3.-Consecuencias por incumprimentos das obrigas e compromisos asumidas polas partes (art. 49 e) de la Lei 40/2015)

O incumprimento por parte de calquera das partes das súas obrigas dará lugar la correspondente indemnización, sen prexuízo da posible resolución do mesmo de acordo co establecido na cláusula sétima.

4.- Réxime de modificación do convenio (art. 49.g) da Lei 40/2015)

A modificación do convenio requirirá acordo unánime das partes firmantes.

5.- Prazo de vixencia do convenio (art. 49.h) da Lei 40/2015)

O convenio estará vixente dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2026.

6.- Extinción (art.51 de la Lei 40/2015)

O presente convenio se extinguirá polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Serán causas de resolución:

- O transcurso do prazo de vixencia.*
- O acordo unánime de todas as partes.*
- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por algunha das partes.*

- Por decisión xudicial declaratoria de nulidade
- Calquera outra prevista nas leis.

7.- Efectos da resolución do convenio (art.52 de la Lei 40/2015)

Cando a extinción veña causada polo incumprimento dunha das partes esta deberá indemnizar ás restantes o dano causado.

8.- Obrigación de colaboración das partes.

As partes se obrigan a colaborar no que fose necesario e a actuar de boa fe nas súas relacións recíprocas no que atinxe á execución do presente convenio.

9.-Obrigas do beneficiario.

Son obrigas do beneficiario:

- 1.- Realizar as actividades para as que se concede a subvención.
- 2.- Dar unha adecuada publicidade á actividade indicando que a actividade subvencionada conta co financiamento do Concello de Silleda.
- 3.- Xustificar perante o Concello de Silleda o cumprimento dos requisitos e condicións que sexan esixibles segundo a normativa aplicable, así como a realización das actividades para as que se concede a subvención.
- 4.- Someterse ás actuacións de comprobación e control que sexan requiridas polos órganos municipais
- 5.- Comunicar ao Concello de Silleda a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, antes da xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- 6.- Acreditar con anterioridade a ditarse a resolución de concesión que se encontra ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.
- 7.- Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable, ou no seu caso, os estados contables que garantiren o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.
- 8.- Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de control e comprobación.
- 9.- Proceder ao reintegro dos fondos públicos percibidos nos supostos contemplados no artigo 37 da Lei Xeral de Subvencións.

10.-Gastos subvencionables.

Considéranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubitada respondan á natureza da actividade subvencionada (definida na cláusula segunda deste convenio), e que se realicen no prazo establecido.

Segundo o establecido no artigo 31.2 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, entenderase gasto realizado o que fose efectivamente pagado pola entidade beneficiaria da subvención con anterioridade á finalización de período de xustificación.

11. Xustificación.

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos na concesión da subvención documentarase a través da rendición da conta xustificativa, que constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se deben incluír, baixo a responsabilidade do declarante, os xustificantes do gasto ou calquera outro documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxectivo da subvención.

Esta conta xustificativa deberá recoller:

- 1. Facturas regramentarias (con todos os requisitos esixidos polo R.D. 1496/2003) ou documentos do valor probatorio equivalente no tráfico mercantil.*
- 2. Unha memoria na que se declararán as actividades realizadas que foron financiadas coa subvención, e o seu custo, co desglose de cada un dos gastos nos que incorra.*
- 3. Certificado asinado polo responsable da entidade beneficiaria de que a subvención se destinou aos mesmos fins para os que foi solicitada e concedida.*
- 4. Certificados de estar ao corrente coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.*
- 5. Certificado das subvencións e/ou concedidas para a mesma finalidade.*

Nesta conta xustificativa deberá quedar suficientemente acreditado que os gastos subvencionados foron efectivamente pagados pola entidade beneficiaria.

Poderán presentarse ata dúas xustificacións parciais, ademais da xustificación final, sen posibilidade de prórroga.

12.-Publicidade.

1. O Concello de Silleda, terá a consideración de patrocinador institucional do deportista Christian Costoya Sanabria, podendo utilizar dita denominación, así como o seu logotipo, en calquera das accións de comunicación que realice en relación co presente patrocinio.

2. Presenza en actos oficiais

O deportista Christian Costoya Sanabria , a través do seu representante legal: Marcos Costoya Castro, con

DNI 44**** G, comunicará e convidará aos representantes do Concello de Silleda, a calquera acto promocional ou protocolario organizado polo Patrocinado, tales como competicións, actos de difusión, etc., facilitándose as invitacións ou acreditacións necesarias para o Acto.

3.- Publicidade en presentacións

O deportista garantirá que o Concello de Silleda , teña presenza publicitaria nas presentacións e actos públicos que leve a cabo, facendo mención do patrocinio oficial da citada entidade municipal en cantas entrevistas, presentación, roldas de prensa ou similares se convoquen

4.- Accións publicitarias.

O deportista Christian Costoya Sanabria (o seu representante legal_ Marcos Costoya Castro, DNI 44****4 G), publicitará a marca "Silleda " na indumentaria que vista en todas as competicións na que participe durante o ano natural de 2026.

O deportista Christian Costoya Sanabria exhibirá unha placa na súa sede, en lugar visible na que apareza o logotipo do Concello de Silleda coa lenda "Concello de Silleda Patrocinador Oficial".

5.- Material Promocional.

Así mesmo, o deportista Christian Costoya Sanabria publicitará á marca CONCELLO DE SILLEDA, en calquera acción publicitaria levada a cabo polo patrocinado, tanto anuncios en medios de comunicación (prensa e televisión) como en calquera elemento

12.- Réxime xurídico

O presente convenio ten natureza administrativa conforme ao disposto no Capítulo VI do Título Preliminar da Lei 40/2015 de Réxime xurídico do Sector Público.

As cuestións litixiosas que xurdan entre as partes na execución do convenio e que non poidan ser resoltas na Comisión de seguemento prevista na cláusula 4, se someterán a xurisdición contencioso-administrativa, conforme ao disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Para todo o non previsto no presente convenio será de aplicación a Lei 40/2015 de Réxime xurídico do Sector Público, así como calquera outra disposición que puidera resultar de aplicación.

As aportacións realizadas polo Concello se rexerán pola normativa reguladora das subvencións públicas.

En proba de conformidade, se formaliza e firma o presente convenio, en Silleda, á data da sinatura electrónica

Marcos Costoya Castro
Representante do menor

Paula Fernández Pena
Alcalde Concello de Silleda

Déborah García Suárez

Secretaria”

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de Xaneiro de 2024, **ACORDA:**

PRIMEIRO: Aprobar o convenio de colaboración entre o Concello de Silleda e o deportista Christian Costoya Sanabria

SEGUNDO: Dar conta do citado acordo ao departamento de Intervención

Expediente 479/2026. CONVENIOS DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE SILLEDA E A BANDA DE MÚSICA MUNICIPAL DE SILLEDA E A BANDA DE MÚSICA RECREATIVA E CULTURAL DE BANDEIRA

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a intensa labor cultural que realizan a Banda de música Municipal de Silleda e a Banda Recreativa e Cultural de Bandeira.

Visto os programas previstos polas entidades para o ano 2026 e o traballo didáctico que veñen desenvolvendo nos últimos anos a través das súas escolas de música.

Visto o necesario apoio do Concello de Silleda a este tipo de iniciativas, para a promoción e difusión da música e da cultura.

Visto que dita subvención nominativa foi publicada no BOP de Pontevedra no N° 51 do 16 de marzo de 2026 no anuncio de aprobación definitiva do expediente de subvencións nominativas para o exercicio 2026.

Visto que transcorrido o prazo de 15 días da aprobación inicial non se presentaron alegacións e o acordo se aprobou definitivamente.

Visto o informe favorable do persoal funcionario do departamento municipal de Cultura, Turismo, Deporte e Participación

Visto os convenios propostos que se transcriben nos anexos a continuación:

“ANEXO I

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE SILLEDA E A BANDA DE MÚSICA MUNICIPAL DE SILLEDA

En Silleda, á data da sinatura electrónica

*Dunha parte, D^a. **Paula María Fernández Pena**, actuando como Alcaldesa-Presidenta no seu nome e representación do **Concello de Silleda**, con CIF 3605200-I*

*Doutra parte, D. **José Herminio Gómez Frade**, con DNI 76****R, como representante legal e en calidade de Presidente da **Asociación Cultural Banda de Música Municipal de Silleda**, con CIF G-36266682*

Dando fe do acto, a Secretaria Xeral da Corporación, Déborah García Suárez

As partes se recoñecen a capacidade xurídica necesaria para subscribir o presente convenio e

EXPOÑEN:

Primeiro.- Finalidade e obxectivos.

A Banda de Música Municipal de Silleda é a día de hoxe un dos colectivos culturais máis significados do municipio, pola súa traxectoria e tamén polo número de actividades que organiza e a repercusión das mesmas. Así mesmo, a Banda tense convertido nun dos mellores embaixadores do municipio, ademais de ser a entidade promotora dunha das iniciativas con máis éxito no eido cultural: a creación da Escola de Música Municipal, hoxe con máis de 200 alumnos e alumnas.

Atesourando máis de 130 anos de historia, a Banda de Música Municipal de Silleda vense significando polo pulo renovador que está a vivir nas últimas décadas, coa organización de eventos xa consolidados (Día da Música ou o Concerto de Nadal) e que reúnen a milleiros de persoas. A súa exitosa participación en distintos eventos nacionais e internacionais, súmase á exitosa traxectoria da Banda, que logrou tamén implicar á veciñanza de Silleda cos seus novos proxectos.

Todas as actividades, concertos e festivais que organiza a Banda de Música Municipal de Silleda supoñen un importe esforzo económico ao longo do ano para esta agrupación.

Tendo en conta a importancia da Banda na sociedade, e a repercusión a nivel cultural así como a destacada labor que realiza no plano didáctico, a finalidade deste convenio é axudar á financiación dos custos que supoñen para a agrupación a organización de actividades así como a súa participación noutras iniciativas que puideran xurdir.

Segundo.- Financiamento.

O proxecto será financiado con cargo a partida 334.48 (Subvencións Asociacións Culturais) do orzamento municipal de Silleda por importe de 20.000 euros (vinte mil euros).

Terceiro.- Competencias municipais.

De conformidade cos artigos 25.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local os municipios exercerán en todo caso como propias, nos termos establecidos pola lexislación estatal e autonómica, competencias en materia de promoción do deporte.

Cuarto.-Natureza

O presente convenio ten natureza de convenio entre administracións públicas e suxeitos de dereito privado de conformidade co apartado 47.2 c) de la Lei 40/2015 e se realiza ao amparo da mesma.

Quinto.- Necesidade y oportunidade.

Este convenio ten como obxectivo regular a subvención nominativa para o ano 2026 con cargo á partida 334.4

Sexto.-Interpretación.

As dúbidas relacionadas co contido deste convenio serán interpretadas polo Alcalde do Concello de Silleda.

Así pois, de conformidade co anteriormente exposto, as partes acordan subscribir o presente convenio, que se rexerá polas seguintes cláusulas:

CLÁUSULAS**1.- Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito (art. 49 c) Lei 40/2015)**

O presente convenio ten por obxecto regular a colaboración entre o Concello de Silleda e a Banda de Música Municipal de Silleda, no ámbito da promoción e dinamización cultural.

2.- Obrigas e compromisos económicos asumidos polo concello (art. 49 d) Lei 40/2015)

Mediante o presente convenio de colaboración se acorda a aportación de 20.000 € con cargo ao orzamento do Concello de Silleda.

3.-Consecuencias por incumprimentos das obrigas e compromisos asumidas polas partes (art. 49 e) de la Lei 40/2015)

O incumprimento por parte de calquera das partes das súas obrigas dará lugar la correspondente indemnización, sen prexuízo da posible resolución do mesmo de acordo co establecido na cláusula sétima.

4.- Réxime de modificación do convenio (art. 49.g) da Lei 40/2015)

A modificación do convenio requirirá acordo unánime das partes asinantes

5.- Prazo de vixencia do convenio (art. 49.h) da Lei 40/2015)

O convenio estará vixente dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2026.

6.- Extinción (art.51 de la Lei 40/2015)

O presente convenio se extinguirá polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Serán causas de resolución:

-O transcurso do prazo de vixencia.

- O acordo unánime de todas as partes.
- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por algunha das partes.
- Por decisión xudicial declaratoria de nulidade
- Calquera outra prevista nas leis.

7.- Efectos da resolución do convenio (art.52 de la Lei 40/2015)

Cando a extinción veña causada polo incumprimento dunha das partes esta deberá indemnizar ás restantes o dano causado.

8.- Obrigación de colaboración das partes.

As partes se obrigan a colaborar no que fose necesario e a actuar de boa fe nas súas relacións recíprocas no que atinxe á execución do presente convenio.

9.-Obrigas do beneficiario.

Son obrigas do beneficiario:

- 1.- Realizar as actividades para as que se concede a subvención.
- 2.- Dar unha adecuada publicidade á actividade indicando que a actividade subvencionada conta co financiamento do Concello de Silleda.
- 3.- Xustificar perante o Concello de Silleda o cumprimento dos requisitos e condicións que sexan esixibles segundo a normativa aplicable, así como a realización das actividades para as que se concede a subvención.
- 4.- Someterse ás actuacións de comprobación e control que sexan requiridas polos órganos municipais.
- 5.- Comunicar ao Concello de Silleda a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, antes da xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- 6.- Acreditar con anterioridade a ditarse a resolución de concesión que se encontra ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.
- 7.- Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable, ou no seu caso, os estados contables que garantiren o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.
- 8.- Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de control e comprobación.
- 9.- Proceder ao reintegro dos fondos públicos percibidos nos supostos contemplados no artigo 37 da Lei Xeral de Subvencións.

10.-Gastos subvencionables.

Considéranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubitada respondan á natureza da actividade subvencionada (definida na cláusula segunda deste convenio), e que se realicen no prazo establecido (dende o 30 de novembro de 2025 ata o 31 de decembro de 2026).

Segundo o establecido no artigo 31.2 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, entenderase gasto realizado o que fose efectivamente pagado pola entidade beneficiaria da subvención con anterioridade á finalización de período de xustificación.

11. Xustificación.

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos na

concesión da subvención documentarase a través da rendición da conta xustificativa, que constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se deben incluír, baixo a responsabilidade do declarante, os xustificantes do gasto ou calquera outro documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxectivo da subvención.

Esta conta xustificativa deberá recoller:

1. Facturas regramentarias (con todos os requisitos esixidos polo R.D. 1496/2003) ou documentos do valor probatorio equivalente no tráfico mercantil.

2. Unha memoria na que se declararán as actividades realizadas que foron financiadas coa subvención, e o seu custo, co detalle de cada un dos gastos nos que incorra.

3. Certificado asinado polo responsable da entidade beneficiaria de que a subvención se destinou aos mesmos fins para os que foi solicitada e concedida.

4. Certificados de estar ao corrente coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

5. Certificado das subvencións e/ou concedidas para a mesma finalidade.

6. Os gastos de persoal se acreditarán mediante:

- Nóminas.*
- Documentos TC-1 e TC-2 acreditativos de cotización á seguridade social.*
- Documentos 111 e 190 acreditativos do pago do IRPF.*
- Partes horarios.*

Nesta conta xustificativa deberá quedar suficientemente acreditado que os gastos subvencionados foron efectivamente pagados pola entidade beneficiaria.

Poderán presentarse ata dúas xustificacións parciais, ademais da xustificación final, sen posibilidade de prórroga.

12.-Publicidade.

O Concello de Silleda, terá a consideración de patrocinador institucional da Banda de Música Municipal de Silleda, podendo utilizar dita denominación, así como o seu logotipo, en calquera das accións de comunicación que realice en relación co presente patrocinio. Tamén por parte da entidade beneficiaria se incluírá o logo do Concello de Silleda nos carteis, publicacións ou outro material promocional no que se den conta das actividades subvencionadas.

13.- Réxime xurídico

O presente convenio ten natureza administrativa conforme ao disposto no Capítulo VI do Título Preliminar da Lei 40/2015 de Réxime xurídico do Sector Público.

As cuestións litixiosas que xurdan entre as partes na execución do convenio e que non poidan ser resoltas na Comisión de seguimento prevista na cláusula 4, se someterán a xurisdición contencioso-administrativa,

conforme ao disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Para todo o non previsto no presente convenio será de aplicación a Lei 40/2015 de Réxime xurídico do Sector Público, así como calquera outra disposición que puidera resultar de aplicación.

As aportacións realizadas polos Concello se rexerán pola normativa reguladora das subvencións públicas.

En proba de conformidade, se formaliza e firma o presente convenio, en Silleda, á data da sinatura electrónica.

José Herminio Gómez Frade	Paula M ^a Fernández Pena
Presidente da Banda Municipal de Silleda	Alcaldesa Concello de Silleda

A Secretaria
Déborah García Suárez

ANEXO II

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE SILLEDA E A BANDA DE MÚSICA RECREATIVA E CULTURAL DE BANDEIRA

En Silleda, á data da sinatura electrónica.

Dunha parte, D^a . **Paula María Fernández Pena**, actuando como Alcaldesa-Presidenta no seu nome e en representación do **Concello de Silleda**, con CIF 3605200-I.

Doutra parte, D^a **Juán José López Rey** e, con DNI 49****J, como representante legal e en calidade de Presidente da **Banda de Música Recreativa e Cultural da Bandeira** , con CIF G-36029353.

Dando fe do acto, a Secretaria Xeral da Corporación, Déborah García Suárez.

As partes se recoñecen a capacidade xurídica necesaria para subscribir o presente convenio e,

EXPOÑEN:

Primeiro.- Finalidade e obxectivos.

A Banda de Música Recreativa e Cultural da Bandeira é a día de hoxe un dos colectivos culturais máis significados do municipio, pola súa traxectoria e tamén polo número de actividades que organiza e a repercusión das mesmas.

Así mesmo, a Banda de Música Recreativa e Cultural de Bandeira vense significando polo pulo renovador que está a vivir nas últimas décadas, coa organización de eventos xa consolidados e que reúnen a numerosas persoas, caso do concerto de Santa Icí, o certame Música a Fartar, ou campamentos musicais, entre outros.

Todas as actividades, concertos e festivais que organiza a entidade supoñen un importe esforzo económico ao longo do ano para esta agrupación.

Tendo en conta a importancia da Banda na sociedade, e a repercusión a nivel cultural así como a destacada labor que realiza no plano didáctico, a finalidade deste convenio é axudar á financiación dos custos que supoñen para a agrupación a organización de actividades así como a súa participación noutras iniciativas que puideran xurdir.

Segundo.- Financiamento.

O proxecto será financiado con cargo a partida 334.48 (Subvencións Asociacións Culturais) do orzamento municipal de Silleda por importe de 15.000 euros (quinze mil euros).

Terceiro.- Competencias municipais.

De conformidade cos artigos 25.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local os municipios exercerán en todo caso como propias, nos termos establecidos pola lexislación estatal e autonómica, competencias en materia de promoción do deporte.

Cuarto.-Natureza

O presente convenio ten natureza de convenio entre administracións públicas e suxeitos de dereito privado de conformidade co apartado 47.2 c) de la Lei 40/2015 e se realiza ao amparo da mesma.

Quinto.- Necesidade e oportunidade.

Este convenio ten como obxectivo regular a subvención nominativa para o ano 2026 con cargo á partida 334.48.

Sexto.-Interpretación.

As dúbidas relacionadas co contido deste convenio serán interpretadas pola persoa que ostenta a alcaldía do Concello de Silleda.

Así pois, de conformidade co anteriormente exposto, as partes acordan subscribir o presente convenio, que se rexerá polas seguintes cláusulas:

CLÁUSULAS

1.- Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito (art. 49 c) Lei 40/2015)

O presente convenio ten por obxecto regular a colaboración entre o Concello de Silleda e a Banda de Música Recreativa e Cultural da Bandeira, no ámbito da promoción e dinamización cultural.

2.- Obrigas e compromisos económicos asumidos polo concello (art. 49 d) Lei 40/2015)

Mediante o presente convenio de colaboración se acorda a aportación de 15.000€ con cargo ao orzamento

do Concello de Silleda.

3.-Consecuencias por incumplimentos das obrigas e compromisos asumidas polas partes (art. 49 e) de la Lei 40/2015)

O incumplimento por parte de calquera das partes das súas obrigas dará lugar la correspondente indemnización, sen prexuízo da posible resolución do mesmo de acordo co establecido na cláusula sétima.

4.- Réxime de modificación do convenio (art. 49.g) da Lei 40/2015)

A modificación do convenio requirirá acordo unánime das partes asinantes.

5.- Prazo de vixencia do convenio (art. 49.h) da Lei 40/2015)

O convenio estará vixente dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2026.

6.- Extinción (art.51 de la Lei 40/2015)

O presente convenio se extinguirá polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Serán causas de resolución:

- O transcurso do prazo de vixencia.
- O acordo unánime de todas as partes.
- O incumplimento das obrigas e compromisos asumidos por algunha das partes.
- Por decisión xudicial declaratoria de nulidade.
- Calquera outra prevista nas leis.

7.- Efectos da resolución do convenio (art.52 de la Lei 40/2015)

Cando a extinción veña causada polo incumplimento dunha das partes esta deberá indemnizar ás restantes o dano causado.

8.- Obrigación de colaboración das partes.

As partes se obrigan a colaborar no que fose necesario e a actuar de boa fe nas súas relacións recíprocas no que atinxe á execución do presente convenio.

9.-Obrigas do beneficiario.

Son obrigas do beneficiario:

- 1.- Realizar as actividades para as que se concede a subvención.
- 2.- Dar unha adecuada publicidade á actividade indicando que a actividade subvencionada conta co financiamento do Concello de Silleda.
- 3.- Xustificar perante o Concello de Silleda o cumprimento dos requisitos e condicións que sexan esixibles segundo a normativa aplicable, así como a realización das actividades para as que se cocede a subvención.
- 4.- Someterse ás actuacións de comprobación e control que sexan requiridas polos órganos municipais.
- 5.- Comunicar ao Concello de Silleda a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, antes da xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

6.- Acreditar con anterioridade a dítarse a resolución de concesión que se encontra ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.

7.- Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable, ou no seu caso, os estados contables que garantiren o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.

8.- Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de control e comprobación.

9.- Proceder ao reintegro dos fondos públicos percibidos nos supostos contemplados no artigo 37 da Lei Xeral de Subvencións.

10.-Gastos subvencionables.

Considéranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubitada respondan á natureza da actividade subvencionada (definida na cláusula segunda deste convenio), e que se realicen no prazo establecido (dende o 30 de novembro de 2025 ata o 31 de decembro de 2026).

Segundo o establecido no artigo 31.2 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, entenderase gasto realizado o que fose efectivamente pagado pola entidade beneficiaria da subvención con anterioridade á finalización de período de xustificación.

11. Xustificación.

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos na concesión da subvención documentarase a través da rendición da conta xustificativa, que constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se deben incluír, baixo a responsabilidade do declarante, os xustificantes do gasto ou calquera outro documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxectivo da subvención.

Esta conta xustificativa deberá recoller:

1.Facturas regulamentarias (con todos os requisitos esixidos polo R.D. 1496/2003) ou documentos do valor probatorio equivalente no tráfico mercantil.

2.Unha memoria na que se declararán as actividades realizadas que foron financiadas coa subvención, e o seu custo, co desglose de cada un dos gastos nos que incorra.

3.Certificado asinado polo responsable da entidade beneficiaria de que a subvención se destinou aos mesmos fins para os que foi solicitada e concedida.

4.Certificados de estar ao corrente coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

5.Certificado das subvencións e/ou concedidas para a mesma finalidade.

6.Os gastos de persoal se acreditarán mediante:

-Nóminas.

-Documentos TC-1 e TC-2 acreditativos de cotización á seguridade social.

-Documentos 111 e 190 acreditativos do pago do IRPF.

-Partes horarios.

Nesta conta xustificativa deberá quedar suficientemente acreditado que os gastos subvencionados foron efectivamente pagados pola entidade beneficiaria.

Poderán presentarse ata dúas xustificacións parciais, ademais da xustificación final, sen posibilidade de prórroga

12.-Publicidade.

O Concello de Silleda, terá a consideración de patrocinador institucional da Banda Recreativa e Cultural da Bandeira, podendo utilizar dita denominación, así como o seu logotipo, en calquera das accións de comunicación que realice en relación co presente patrocinio. Tamén por parte da entidade beneficiaria se incluírá o logo do Concello de Silleda nos carteis, publicacións ou outro material promocional no que se dea conta das actividades subvencionadas.

13.- Réxime xurídico

O presente convenio ten natureza administrativa conforme ao disposto no Capítulo VI do Título Preliminar da Lei 40/2015 de Réxime xurídico do Sector Público.

As cuestións litixiosas que xurdan entre as partes na execución do convenio e que non poidan ser resoltas na Comisión de seguimento prevista na cláusula 4, se someterán a xurisdición contencioso-administrativa, conforme ao disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Para todo o non previsto no presente convenio será de aplicación a Lei 40/2015 de Réxime xurídico do Sector Público, así como calquera outra disposición que puidera resultar de aplicación.

As aportacións realizadas polos Concello se rexerán pola normativa reguladora das subvencións públicas.

En proba de conformidade, se formaliza e firma o presente convenio, en Silleda, á data da sinatura electrónica.

Juán José López Rey
Presidente da Banda de Bandeira

Paula Fernández Pena Fernández
Alcaldesa do Concello de Silleda

A Secretaria
Déborah García Suárez"

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de Xaneiro de 2024, **ACORDA:**

PRIMEIRO: Aprobar os Convenios de Colaboración para o ano 2026, entre o Concello de Silleda e Banda de música Municipal de Silleda cun importe de 20.000 euros; e entre o Concello de Silleda e a Banda de Música Recreativa e Cultural de bandeira, cun importe de 15.000 euros, que asinaran a alcaldesa, Paula Fernandez Pena, en representación do Concello, e os presidentes das agrupación bandísticas correspondentes.

SEGUNDO: Dar conta dos presentes convenios ao departamento de Intervención.

Expediente 398/2026. Contratacións. MELLORA ACCESO E NÚCLEO MOURELOS E MEIXOMENCE

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Visto o proxecto redactado polo arquitecto Pablo Blanco Ferreiro, denominado: MELLORA ACCESO E NÚCLEO MOURELOS E MEIXOMENCE, con presuposto base de licitación de 227.231,82€ (IVE INCLUÍDO).

Visto o informe técnico emitido o 10/03/2026, que consta no expediente, relativo ao cumprimento do planeamento en vigor, afeccións sectoriais e informe supervisión.

Vista a acta de trazado previo que figura no expediente de solicitude da subvención

Vistas as Solicitudes de Autorizacións sectoriais incorporadas ao expediente.

Vista a resolución de aprobación do proxecto e de Inicio do expediente de contratación.

Vistos os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares.

Visto o informe xurídico asinado o 27 de marzo de 2026

Visto o informe Fase A de intervención asinado o 27 de marzo de 2026

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de Xaneiro de 2024, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado, tramitación anticipada, MELLORA ACCESO E NÚCLEO MOURELOS E MEIXOMENCE por importe de 227.231,82€ (IVE INCLUÍDO)

SEGUNDO.- Aprobar o gasto polo importe correspondente, con cargo ás aplicacións previstas no estado de gastos do Orzamento Municipal prorrogado deste Concello para o exercicio 2026.

TERCEIRO.- Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que rexerán a contratación mediante procedemento aberto simplificado, tramitación anticipada, do presente contrato de obras.

CUARTO.- Proceder á apertura do procedemento de adxudicación mediante contratación electrónica do presente contrato por procedemento aberto simplificado, tramitación anticipada,

dando orde de que se proceda á publicación do pertinente anuncio de licitación no perfil do contratante do Concello de Silleda na Plataforma de Contratación do Sector Público, para que no prazo de 20 días naturais presenten as proposicións que se estimen pertinentes.

Expediente 590/2025. Contratacións. REFORMA DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE BANDEIRA. PRÓRROGA

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude de prórroga, Rexistro de Entrada 2026-E-RE-492, de data 27/03/2026, realizada por Don Carlos Presas Lamazares, DNI ***136***, en nome e representación de URBANISMO TECNICO SOSTENIBLE, S.L., con CIF B44952430, empresa adxudicataria do contrato de obras “REFORMA DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE BANDEIRA” Expediente 590/2025 deste Concello, que recolle o seguinte:

“EXPONE

Primero. - *que URBANISMO TECNICO SOSTENIBLE, S.L., ha sido la adjudicataria de la obra “REFORMA DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE BANDEIRA”.*

Segundo. - *que el plazo límite para la ejecución de la obra especificada finaliza el día 7 de abril de 2026*

Tercero. - *que, por las circunstancias que seguidamente se exponen, todas ellas ajenas a URBANISMO TECNICO SOSTENIBLE, S.L., se ha producido un retraso en la ejecución de la obra:*

1. Una vez iniciados los trabajos en el Pabellón, se constata la aparición de filtraciones a través de la cubierta del mismo. Debido a este contratiempo, se ve la necesidad de realizar operaciones de reforma en la cubierta sellando las filtraciones para evitar las mismas una vez instalado el nuevo pavimento, lo que podría ocasionar el deterioro del mismo. Se produce un retraso importante en el avance de las obras debido a las condiciones meteorológicas sufridas en los meses anteriores, dado que los trabajos en la cubierta requieren días sin precipitaciones para poder ejecutarlos en condiciones de seguridad para los operarios de las mismas.

Cuarto. - *que, por las circunstancias expuestas, conllevan un retraso en la ejecución de la obra, por lo que esta adjudicataria se ve en la necesidad de solicitar una ampliación de plazo de 15 días para la terminación de la obra, nuevo plazo que terminaría el día 22 de abril de 2026.*

Dado todo lo expuesto SOLICITA:

Tengan por presentada la presente SOLICITUD DE AMPLIACIÓN DE PLAZO DE EJECUCIÓN

DE OBRA en tempo y forma, sírvanse admitirla y en su virtud ACUERDEN:

Único. - conceder a URBANISMO TECNICO SOSTENIBLE, S.L., adjudicataria de la obra "REFORMA DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE BANDEIRA" una ampliación del plazo de ejecución de la obra de 15 días, hasta el día 22 de abril de 2026."

Visto que ó mencionado escrito foi remitido en data 31/03/2026, Rexistro de Saida 2026-S-RE-429, a Directora da Obra e Coordinadora de Seguridade e Saúde, D^a MARLEN PÉREZ SÁNCHEZ, para seu informe.

Visto que a Directora da Obra e Coordinadora de Seguridade e Saúde, D^a MARLEN PÉREZ SÁNCHEZ, con data 31/03/2026, Rexistro de Entrada 2026-E-RE-509, remite informe no que sinala:

"Que tras revisar la solicitud y teniendo en cuenta la veracidad de las condiciones expuestas, así como el grado de ejecución de la obra, se considera que para que sea posible finalizar las actuaciones de remate con arreglo al proyecto redactado, es necesario que se **AUMENTE el PLAZO establecido para su ejecución**; estimándose suficiente **el incremento de 15 días de plazo solicitado** (hasta el día 22 de abril de 2026) **para la correcta finalización de las obras.**"

Por todo iso, en virtude do disposto na Disp. Adic 2^a LCSP, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de Xaneiro de 2024, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Conceder á mercantil, URBANISMO TECNICO SOSTENIBLE, S.L., con CIF B44952430, como adxudicataria do contrato de obras, unha prórroga de 15 días (ata o día 22 de abril de 2026) na execución do contrato "REFORMA DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE BANDEIRA" Expediente 590/2025 deste Concello por continxencias externas non imputables ou alleas á vontade do contratista que causaron a demora na terminación das obras no prazo previsto.

SEGUNDO.- Notificar á citada mercantil a concesión da presente prórroga.

Expediente 527/2024. Licenza ou Autorización Urbanística. VIVENDA UNIFAMILIAR E EDIFICACIÓN AUXILIAR

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

ANTECEDENTES:

1º.-Consta no expediente que o día 22/03/2024 (rexistro de entrada 2024-E-RE-453), o representante do solicitante presenta solicitude de licenza ou autorización urbanística para "Vivienda unifamiliar y edificación auxiliar". Achegase coa solicitude:

- Autorización de representación outorgada por D. David Sanmartín Rodríguez para Dña. Rebeca Iglesias González.

- *"Proyecto básico y de ejecución. Vivienda unifamiliar y edificación auxiliar"*, asinado polo arquitecto, D. Juan García Pérez, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (visado nº 2401376,2 de 21/03/2024, CVE:AD1D55BCF303).

2º.-Consta no expediente que o día 22/07/2025 (registro de saída 2025-S-RE-955) requíreselle ao solicitante para que aporte a documentación e emende as deficiencias recollidas no informe técnico emitido polo Arquitecto Municipal. Figura no expediente xustificante de recepción en punto de acceso xeral do referido requirimento.

3º.-Consta no expediente que con data 12.10.2025 (registro de entrada 2025-E-RE-1862) achégase a seguinte documentación:

- Autorización de representación outorgada por D. David Sanmartín Rodríguez para Dña. Rebeca Iglesias González.

- Oficio de nomeamento de dirección de obra, a nome do arquitecto Juan García Pérez. (visado nº 2401376,3 de 22.03.2024).

- Autorización de Ministerio de Transportes (Código Seguro de Verificación: MFOM02S7A85415D732E74C1E802).

- Certificado de eficiencia enerxética de edificios.

- Nomeamento de dirección executiva de obra e coordinación de seguridade e saúde a nome da Arquitecto Técnico Rebeca Iglesias González. (visado nº E25002776 de 06/10/2025).

- Etiqueta de cualificación enerxética do proxecto.

- Solicitud de autorización de vertido de augas residuais, presentado en Augas de Galicia acompañado de recibo de presentación.

- Plano de fosa séptica.

- Plano de cerre da fosa séptica e pozo.

4º.-Consta no expediente que o día 14.10.2025 (registro de saída 2025-S-RE-1438) requíreselle ao solicitante para que aporte a documentación e emende as deficiencias recollidas no informe técnico emitido polo Arquitecto Municipal. Figura no expediente xustificante de recepción en punto de acceso xeral do referido requirimento.

5º.-Consta no expediente que o día 25/11/2025 (registro de entrada 2025 E-RE-2127), achégase a seguinte documentación:

- Autorización de representación outorgada por D. David Sanmartín Rodríguez para Dña. Rebeca Iglesias González.

- Autoliquidación de Licenza de Obra acompañada de xustificante de pago por importe de 4.087,50 EUROS.

- Plano de urbanización.

6º.-Consta no expediente que o día 26/11/2025 (registro de saída 2025-S-RE-1679) requíreselle ao solicitante para que aporte a documentación e emende as deficiencias recollidas no informe técnico emitido polo Arquitecto Municipal. Figura no expediente xustificante de recepción en punto de acceso xeral do referido requirimento.

7º.-Consta no expediente que o día 09/02/2026 (registro de entrada 2026-E-RE-177) achégase a seguinte documentación:

- Autorización de representación outorgada por D. David Sanmartín Rodríguez para Dna. Rebeca Iglesias González.
- Resolución favorable de Augas de Galicia (CVE: BX8WUHzOuSU5).

8º.-Consta no expediente providencia de alcaldía de data 27/02/2026 requirindo ó Arquitecto Municipal para que proceda á emisión do informe técnico correspondente ao expediente coa maior brevidade posible.

9º.-Consta no expediente que o día 10/03/2026 (registro de saída 2026-S-RE-302) requíreselle ao solicitante para que aporte a documentación e emende as deficiencias recollidas no informe técnico emitido polo Arquitecto Municipal. Figura no expediente xustificante de recepción en punto de acceso xeral do referido requirimento.

10º.-Consta no expediente que o día 13/03/2026 e con registro de entrada 2026- E-RE-416 achégase:

- Autorización de representación outorgada por D. David Sanmartín Rodríguez para Dna. Rebeca Iglesias González.
- Estatística de edificación e vivenda.
- *“Anexo al Proyecto básico y de ejecución. Vivienda unifamiliar y edificación auxiliar”.*
- Compromiso de execución dos servizos e de inscrición no rexistro da propiedade.

11º.-Consta no expediente que o día 16/03/2026 (registro de entrada 2026-E-RE-422) achégase:

- Autorización de representación outorgada por D. David Sanmartín Rodríguez para Dna. Rebeca Iglesias González.
- Resolución favorable de Augas de Galicia (CVE: CgCIKMoOvVg0)

12º.-Consta no expediente **informe favorable** do Arquitecto municipal, Don Lino Manuel Doporto Framil, asinado o 16 de marzo de 2026.

As conclusións do informe favorable do arquitecto transcríbense a continuación:

“
...

En conclusión, o técnico que subscribe considera que o proxecto presentado non contradi a Normativa urbanística vixente, polo que se INFORMA FAVORABLEMENTE, dende o punto de vista técnico, a solicitude de concesión de Licenza municipal de obra solicitada para a Lu.- Vivenda unifamiliar e edificación auxiliar que consta no expediente 527/2024, a construír na parcela con referencia catastral 36052L505004410000BU, con arreglo ás limitacións que se establecen neste informe técnico e nos informes sectoriais sinalados no punto 33 deste informe e que constan no expediente Lu.- Vivenda unifamiliar e edificación auxiliar.

De acordo có artigo Artigo 357, Resolución, do RLSG, “Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel⁸ indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente”.

O que se informa desde o punto de vista técnico ao leal saber e entender do arquitecto que subscribe, sen prexuízo doutro criterio mellor fundamentado, en Silleda, na data sinalada na marxe.

Documento asinado electronicamente por Lino Manuel Doporto Framil, arquitecto.”

6º.- Consta no expediente informe xurídico asinado pola Secretaria municipal o 01 de abril de 2026.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de xaneiro de 2024, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Conceder a **D. DAVID SANMARTÍN RODRÍGUEZ** con D.N.I. 44.840.441-D, licenza municipal de obra solicitada para a **VIVENDA UNIFAMILIAR E EDIFICACIÓN AUXILIAR** a construír na parcela con referencia catastral 36052L505004410000BU (ESPIÑEIRA, S/N. TABOADA, Concello de Silleda), de acordo aos traballos contemplados no **“Proyecto básico y de ejecución.Vivienda unifamiliar y edificación auxiliar”**, asinado polo arquitecto , D. Juan García Pérez, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (visado nº 2401376,2 de 21/03/2024, CVE:AD1D55BCF303).

SEGUNDO.- A licenza otórgase **deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros**, e **terá que dar cumprimento** ás previsións dos informes técnicos e sectoriais que figuran no mesmo expediente.

Adxúntase a esta resolución o informe do Arquitecto municipal para tal fin.

TERCEIRO.- De acordo có artigo Artigo 357, Resolución, do RLSG, *“Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel⁸ indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente”*.

CUARTO.- As obras deberán iniciarse no prazo máximo de seis (6) meses desde a notificación da presente licenza e executarse no prazo máximo de tres (3) anos, sen prexuízo das posibles prórrogas que, de conformidade coa normativa urbanística vixente, poidan ser autorizadas previa solicitude do interesado.

QUINTO.-Notificar o presente acordo ao interesado.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE